

UN RICO PASTEL

Texto e ilustracións de CHRISTIAN VOLTZ

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

Un rico pastel (galego)

ISBN 978-84-1343-027-0. Demademora.

Un rico pastel (castelán)

ISBN 978-84-1343-028-7. Obras de autor. Primeros lectores.

Un pastís per berenar (catalán)

ISBN 978-84-16804-93-1. Obres d'autor. Primers lectors.

Tarta goxoa (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-175-8. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Um bolo para o lanche (portugués)

Obras de autor. Primeiros leitores.

Una merenda deliziosa (italiano)

ISBN 978-84-1343-029-4. Gli albi d'autore. Primi lettori.

Oh! Que desatre! Invitei a dona Branca a merendar...

Dende hai unha hora, estou intentando facer un pastel...

Pero non hai xeito nin dereito! Está a quedar como un puré!

E iso que fixen a receita paso a paso...


Facer «Un rico pastel» non é tan doado como parece, nin como explican os libros tradicionais de receitas, nin os dispositivos móbiles actuais. E se non, que llo digan ao pobre Don Antón, desesperado ante a chegada inminente da súa invitada.

O doce que está preparando ten moi mala pinta, pero menos mal que uns simpáticos amigos veñen na súa axuda... Ou non!

Porque os trucos das respectivas avoas de cada un distan moito da idea que ten Don Antón sobre como se elabora un pastel.

Os ingredientes que lle suxieren son cada vez máis raros e o que aspiraba a ser unha merenda doce está cada vez máis lonxe de selo.

Humor a esgalla nesta nova historia de Christian Voltz, co orixinal grafismo que caracteriza as súas ilustracións: un colaxe de obxectos reciclados -latas, aramios, pezas de madeira, fibras téxtiles...- dálle forma aos personaxes, que resaltan sobre fondos coloreados con suaves texturas. Un libro moi divertido, cheo de sorpresas, cociñado con máis intencións que coñecementos de repostería.



- **Temática:** historia humorística sobre o proceso de elaboración dun pastel.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** cociña, repostería, sabores, ingredientes, alimentación saudable; humor, sorpresas; refráns; colaxe, reciclaxe; do autor de «[Eu non fun!](#)» e «[Aínda nada?](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-rico-pastel-g>

Christian Voltz

(Estrasburgo, 1967)

Estudou na Escola de Artes Decorativas de Estrasburgo. Traballa como ilustrador, debuxante de carteis e colabora en varias revistas xuvenís. É autor dunha vintena de libros para público infantil, facilmente recoñecibles polo seu característico estilo. Outra das súas facetas é a de director de curtametraxes de animación.

<http://www.christianvoltz.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

